

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA
E A FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO PARA A PUBLICACIÓN NA WEB DO
EPISTOLARIO “RAMÓN OTERO PEDRAYO”***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Presidenta do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Fundación Otero Pedrayo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 7 de marzo ata o remate dos traballos previstos nel coa publicación da correspondencia de Ramón Otero Pedrayo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que rexerá a colaboración entre as dúas institucións para a posta en rede e comunicación pública do epistolario de Ramón Otero Pedrayo, mediante a publicación en web da súa correspondencia a través da aplicación “Epistolario” desenvolvida polo Consello da Cultura Galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- 1- Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega está ademais da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego a recuperación e difusión da correspondencia de personalidades da cultura galega para o que se desenvolveu o proxecto “Epistolarios”.
- 2- A Fundación Otero Pedrayo ten entre os seus fins custodiar o legado material, creativo e intelectual de Ramón Otero Pedrayo, mediante o estudo e divulgación da súa obra.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a sete de marzo de dous mil vinte.

